

# LUME

VOCEIRO DE ENSINO MEDIO DE GALIZA NOVA  
NÚMERO 10 - XANEIRO DE 2015



galizanova.gal | organización  
facebook.com/galizanova | xuvenil do  
twitter.com/galizanova | BNG

## 26F FEBREIRO FOLGA ESTUDANTIL

### MUDÉMOLO TODO :::: ÉRGUETE, POLO ENSINO PÚBLICO GALEGO

Galiza ten protagonizado nos últimos anos as maiores mobilizacións estudantís en defensa do ensino público galego. Mais **os poderes españois volven atacar a nosa educación**. Por iso, desde Galiza Nova chamamos á mocidade a secundar a folga do estudantado galego do 26 de febreiro e a saír ás rúas para erguer na Galiza unha resposta firme ante o modelo educativo do PP e da gran banca que quere facer negocio coa educación. **Mobilicémonos para loitar por aquilo que pertence á mocidade e que lle queren arrebatarse para sempre: o dereito universal a un ensino galego, público, laico e de calidade.**

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xa se empezou a aplicar neste curso. Con ela, o PP fainos retroceder ao modelo educativo do franquismo e consolida a privatización do ensino.

**Rebelámonos contra a LOMCE porque impón até 4 reválidas para segregar e expulsar da educación á maioría do alumnado.** Con isto, elimínase a avaliación continua e provócase a separación do alumnado en función das cualificacións.

**Queren un ensino para españolizarnos:** primeiro promoveron a persecución da nosa lingua nas aulas co "decretazo antigalego" e agora coa LOMCE até se facilitan prazas en centros privados (pagadas con cartos

públicos!) para evitar que o alumnado reciba aulas no noso idioma.

**Fóra a relixión das escolas!** A LOMCE considera a relixión católica unha materia importante e favorece até no bacharelato. Ademais, **o PP subvenciona cos nosos cartos aos centros que segregan ao alumnado por razón de sexo!**

**O PP recorta e privatiza o ensino,** expulsando del ás persoas con menos recursos e beneficia economicamente á educación privada-concertada.

Desde que Feijóo chegou á Xunta de Galiza xa foron despedidos máis de 2.500 profesores/as e suprimiuse a ESO e o bacharelato en numerosos centros, provocando a masificación das aulas, co conseguinte deterioro da educación pública.

Fica atent@ á nosa páxina web para coñecer as horas e lugares das mobilizacións deste 26 de febreiro!

**O ensino é un dereito e non un privilexio!**

"INSUBMIS@S AO SEU PODER, FUXIREMOS DESTA CONTROL.  
FAREMOS QUE DESAPAREZA DO ENSINO A PEDAGOXÍA DO OPRESOR"

(DO ÁLBUM 'CANCÍONS DE AMOR E LIBERDADE' (1968))

máis información en  
galizanovagal



# COMO PODO ORGANIZAR A FOLGA NO MEU CENTRO?

temos dereito á folga!  
nós non imos faltar...



Na **lexislación educativa reconécese o dereito á folga** e non se pode sancionar nin prexudicar nas cualificacións ao estudantado por non ir a clase o día da folga (isto quere dicir que, se unha proba coincide co día da folga, temos dereito a que se nos volva realizar noutra data).

Realiza unha asemblea informativa para estudantes sobre a folga (aproveitando un recreo ou algunha hora dispoñíbel). Estamos á vosa disposición para acudir e expoñervos na asemblea os motivos da convocatoria, de

forma que todo o estudantado se informe. O teu centro de estudos non só está obrigado por lei a respectar o dereito de reunión, senón que debe garantir e estimular este dereito. Garantir o seu exercicio dentro do horario do centro supón necesariamente que as asembleas se poidan organizar antes de que finalicen as clases. Polo tanto, non aceptes que che concedan realizar a asemblea logo do horario lectivo.

**Contacta con Galiza Nova** por correo electrónico e solicítanos máis material da folga.

## O ESTUDANTADO TEN DEREITO A FOLGA! QUE NON CHE CONTEN TROLAS

# NAS AULAS DA GALIZA QUEREMOS GALEGO!!!!!!

8/02/2015: MANI POLA

LINGUA

haberá luses  
gratuitas  
contacta con nós!




Os últimos datos sobre uso do galego son alarmantes: o número de galegofalantes é o máis baixo da historia de Galiza, especialmente entre a mocidade. As políticas de Feijóo para a marxinación do galego nas aulas converteron a **escola nun importante elemento de desgaleguización**.

Non permitas que a práctica totalidade das

materias sexan impartidas nunha lingua que non é a nosa, nin que se limiten os dereitos de ensinantes e estudantes.

**Ergámonos pola nosa lingua**, rebelémonos contra a españolización da Galiza. O 8 de febreiro vaiamos a Compostela á manifestación da Plataforma.

**QUEREMOS GALEGO!**



**ÚNETE A NÓS, VEN LOITAR POR GALIZA!**

**Galiza Nova formámola moz@s coma ti**, que nos organizamos para loitar por un futuro digno na nosa terra. Exercemos o activismo para vencer a dominación e erguer a **República da Galiza**, é dicir, un País Novo ao servizo do pobo traballador e da mocidade galega.

